

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE AGOSTO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 3 de agosto de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5b e 6b)
D^a. Luz María González Domínguez, xefa do Departamento de Alcaldía (asiste ao punto 2c)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2b, 4a, 9b e 10b)
D^a. Begoña Arranz González, xefa do Servizo de Electromecánicos (asiste aos puntos 5a e 6a)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 9a e 10a)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2a e 6c)
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación (asiste ao punto 2a)
D. Luis García Álvarez, tesoureiro municipal (asiste aos puntos 2a e 6c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 1 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do 2 de agosto de 2022 e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Infórmase que LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U. presentou unha proposición aos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o 21 de xullo de 2022 ás 15:24 horas e outra proposición aos mesmos lotes a través do Rexistro Xeral (documento nº 220183600), tal e como se indica no citado certificado, o mesmo día ás 15:32 horas sen encriptar.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2)
 2. JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6)
- b) Non admitir nos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 deste procedemento a LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U. por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 da LCSP e cláusula 13.6 do PCAP "En ningún caso se poderá presentar máis dunha oferta. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia"). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").
- c) Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (lotes 4, 5, 7 e 8)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- Con data do 7 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241)

Segundo.- O 12 de xullo de 2022 publicouse o anuncio no perfil de contratante, rematando o prazo de presentación de proposicións o 27 de xullo de 2022.

Terceiro.- Durante o prazo concedido presentáronse 3 proposicións segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 2 de agosto de 2022:

1. ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2)
2. JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6)
3. LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8)

LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U. presentou unha proposición aos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o 21 de xullo de 2022 ás 15:24 horas e outra proposición aos mesmos lotes a través do Rexistro Xeral (documento nº 220183600), tal e como se indica no citado certificado, o mesmo día ás 15:32 horas sen encriptar.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 3 de agosto de 2022, acordou non admitir a LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U. nos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 da LCSP e cláusula 13.6 do PCAP "*En ningún caso se poderá presentar máis dunha oferta. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia*"). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "*A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador*").

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que na sesión do 3 de agosto de 2022 se acordou non admitir ao único licitador presentado nos lotes 4, 5, 7 e 8 desta licitación, LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U., procede declarar deserta os referidos lotes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar desertos os lotes 4, 5, 7 e 8 do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) porque o único licitador presentado nestes lotes non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 da LCSP e cláusula 13.6 do PCAP "En ningún caso se poderá presentar máis dunha oferta. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia"). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis" (1.271-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 2. UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. - AVAN INTEGRAL S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101)

Infórmase aos membros da Mesa que na Plataforma de Contratos do Sector Público non consta presentada proposición ningunha neste procedemento. No entanto, segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 3 de agosto de 2022 foi presentada a través do Rexistro electrónico unha proposición presentada por LUCIMARCA SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA a todos os lotes deste procedemento (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7) (documentos nº 220191355 e 220191357). Comprobada esta documentación a secretaria constata que as ofertas non están encriptadas.

Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador presentado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) *Non admitir a LUCIMARCA SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA nos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 deste procedemento porque a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").*
- b) Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101).

Segundo.- O 18 de xullo de 2022 publicouse o anuncio no perfil de contratante, rematando o prazo de presentación de proposicións o 2 de agosto de 2022.

Terceiro.- Durante o prazo concedido só se presentou unha proposición a todos os lotes deste procedemento (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7) por LUCIMARCA SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA, segundo se indica no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 3 de agosto de 2022 (documentos nº 220191355 e 220191357). Comprobada esta documentación a secretaria constata que as ofertas non están encriptadas.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 3 de agosto de 2022, acordou non admitir a LUCIMARCA SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA nos lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 por ter presentado a súa proposición sen encriptar (motivo de exclusión recollido na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cláusula 14.2 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que na sesión do 3 de agosto de 2022 se acordou non admitir ao único licitador presentado en todos os lotes desta licitación, LUCIMARCA SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA, procede decláralos desertos.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar desertos os lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101) porque o único licitador presentado non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado a súa proposición sen encriptar (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis" (1.271-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2c propoñer declarar deserto este procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial e a xefa do Servizo de Electromecánicos o 28 de xullo de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta o referido informe e acorda excluír deste procedemento á UTE ORECO BALGON, S.A. - CONSTRUCC. INST. Y TRACCIÓN, S.A. e á UTE TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A. - SIEL VIGO, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I - FEC- do PCAP ("Conforme ao disposto no artigo 146.3 da LCSP, establécese un umbral mínimo de puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor. As ofertas con calidade técnica inadecuada, que serán todas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor inferior ao 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor serán excluídas do proceso de licitación").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Administración Electrónica o 27 de xullo de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta o referido informe e acorda excluír deste procedemento a FORMAS, SISTEMAS Y SOLUCIONES, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I - FEC- do PCAP ("Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 20 puntos") e incluír no sobre B información relativa ao criterio avaliada a través de fórmula contemplado no apartado 7.B.2 das FEC, motivo de exclusión recollido na cláusula 14.3 do PCAP ("A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (52.198-444)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

- UTE ESYCSA – MANTEN

1.- Propón como prezo do contrato para a parte fixa o importe total de **5.147.010,36 euros** sen IVE.

2.- Oferta como minoración dos porcentaxes dos "gastos xerais" e "beneficio industrial" fixados no PPTP de aplicación os prezos unitarios para as actuacións programadas (anexo II do PPTP), os seguinte valores:

2.1.- (BGG%): **7,5** Unidades porcentuais para a minoración dos "Gastos Xerais" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

2.2.- (BBI%): **4** Unidades porcentuais para a minoración do "Beneficio Industrial" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. - FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, S.A.U.; U.T.E.

1.- Propón como prezo do contrato para a parte fixa o importe total de **5.027.082,57 euros** sen IVE.

2.- Oferta como minoración dos porcentaxes dos "gastos xerais" e "beneficio industrial" fixados no PPTP de aplicación os prezos unitarios para as actuacións programadas (anexo II do PPTP), os seguinte valores:

2.1.- (BGG%): **6,50%** Unidades porcentuais para a minoración dos "Gastos Xerais" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

2.2.- (BBI%): **4%** Unidades porcentuais para a minoración do "Beneficio Industrial" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

- FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A.

1.- Propón como prezo do contrato para a parte fixa o importe total de **5.163.861,49 euros** sen IVE.

2.- Oferta como minoración dos porcentaxes dos "gastos xerais" e "beneficio industrial" fixados no PPTP de aplicación os prezos unitarios para as actuacións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



programadas (anexo II do PPTP), os seguinte valores:

2.1.- (BGG%): **10** Unidades porcentuais para a minoración dos "Gastos Xerais" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

2.2.- (BBI%): **6** Unidades porcentuais para a minoración do "Beneficio Industrial" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

- IMESAPI, S.A.

1.- Propón como prezo do contrato para a parte fixa o importe total de **5.221.465,60 euros** sen IVE.

2.- Oferta como minoración dos porcentaxes dos "gastos xerais" e "beneficio industrial" fixados no PPTP de aplicación os prezos unitarios para as actuacións programadas (anexo II do PPTP), os seguinte valores:

2.1.- (BGG%): **100%** Unidades porcentuais para a minoración dos "Gastos Xerais" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

2.2.- (BBI%): **100%** Unidades porcentuais para a minoración do "Beneficio Industrial" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

- UTE S.I.M. RUBATEC, S.A.-VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

1.- Propón como prezo do contrato para a parte fixa o importe total de **4.874.967,94 euros** sen IVE.

2.- Oferta como minoración dos porcentaxes dos "gastos xerais" e "beneficio industrial" fixados no PPTP de aplicación os prezos unitarios para as actuacións programadas (anexo II do PPTP), os seguinte valores:

2.1.- (BGG%): **50,00%** Unidades porcentuais para a minoración dos "Gastos Xerais" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

2.2.- (BBI%): **99,99%** Unidades porcentuais para a minoración do "Beneficio Industrial" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

- UTE SECE-ELEUKON

1.- Propón como prezo do contrato para a parte fixa o importe total de **4.803.658,75 euros** sen IVE.

2.- Oferta como minoración dos porcentaxes dos "gastos xerais" e "beneficio industrial" fixados no PPTP de aplicación os prezos unitarios para as actuacións programadas (anexo II do PPTP), os seguinte valores:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 9 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.1.- (BGG%): **3%** Unidades porcentuais para a minoración dos "Gastos Xerais" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

2.2.- (BBI%): **1%** Unidades porcentuais para a minoración do "Beneficio Industrial" definido no PPTP de aplicación os prezos unitarios do PPTP.

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP (anexo V).

Asisten á apertura D. Rubén Galiñanes Fernández, con DNI ****.*82.60**, en representación de SIELVIGO, S.L.; D. Alejandro Puig García, con DNI ****.*72.79**, en representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.; D. Francisco Javier Estévez Arosa, con DNI ****.*74.87***, en representación de EQUIPOS DE SEÑALIZACION Y CONTROL, S.A.; D. SANTIAGO GARCÍA Estebanz, con DNI **43398077K**, en representación de S.I.M. RUBATEC, S.A.; D Pedro Luis Gomez Abalo, con DNI ***.*51.759-L***, en representación de ELEUKON GLOBAL, S.L.U.; D. Juan Francisco Pérez Moraleda, con DNI ****.*12.43***, en representación de IMESAPI, S.A.; D. Daniel Juanotena Martínez, con DNI ****.*59.03***, e D^a. Silvia Ferreiro López, con DNI ****.*08.52***, en representación de UTE SECE-ELEUKON; D. Manuel Benigno Brage García, con DNI ****.*69.43***, e D^a. Ana Iparraguirre Jimenez, con DNI ****.*34.75***, en representación de FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.; D. Daniel Gonzalez Boulosa, con DNI ****.*82.61***, en representación de MANTEN, S.L.; e D. Victor Javier Bardal Otero, con DNI ****.*92.10***, en representación de FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8.837-113)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe redución parte fixa e prezos unitarios da parte variable (apartado 3.G das FEC)	Formación		Certificación ENS	
			Nº sesións	Nº cursos	Nivel MEDIO (Si/Non)	Nivel ALTO (Si/Non)
1	APDTIC PROFESIONALES, S.L.	54,50%	10	2	non	non
2	CONVENCE ABOGADOS, S.L.	30,00%	20	2	non	non
3	GRUPO UNIVE SERVICIOS JURÍDICOS, S.L	46,76%	10	2	non	non
4	SEGURDADES, S.L.	54,36%	10	2	si	non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



5	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U.	28,30%	10	2	si	si
---	--	--------	----	---	----	----

Unicamente CONVENCE ABOGADOS, S.L. presenta o orzamento detallado esixido no PCAP. Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

a) Conceder un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan presentar o orzamento detallado esixido na cláusula 14.2 do PCAP (*"Deberá incluírse un orzamento do servizo. O cálculo deste orzamento estará debidamente xustificado, presentando os licitadores unha descomposición do prezo total a aboar polo Concello, IVE excluído, distribuído nas diversas partidas que o integren"*):

1. APDTIC PROFESIONALES, S.L.
2. GRUPO UNIVE SERVICIOS JURÍDICOS, S.L.
3. SEGURDADES, S.L.
4. TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U.

b) Solicitar informe sobre as proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliábeis mediante fórmula"* dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

ATELIER LIBROS, S.A.U.

Para o lote 1:

- Propón unha porcentaxe de desconto do **10 %** a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación (sen superar o límite legal máximo do 15%).
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT: **si**
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de **0** días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

responsable do contrato: **si**

- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións): **si**

Para o lote 2:

- Propón unha porcentaxe de desconto do **10 %** a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación (sen superar o límite legal máximo do 15%).
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT: **si**
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de **0** días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato: **si**
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións): **si**

JASMINA HOGER ESTERHAZY

Para o lote 3:

- Propón unha porcentaxe de desconto do **15%** a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación (sen superar o límite legal máximo do 15%).
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT: **si**
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de **7** días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato: **si**
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións): **si**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Para o lote 6:

- Propón unha porcentaxe de desconto do **15%** a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación (sen superar o límite legal máximo do 15%).
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT: **si**
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de **7** días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato: **si**
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións): **si**

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 28 de xullo de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 27 de xullo de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 13 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón da exclusión de SALZILLO SERVICIOS acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC-do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.	82,69
2	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	75,40
3	SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A.	70,50
4	FUNDACIÓN SAMU	51,50

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("A empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia (RUEPSS)")
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto mixto para a contrato de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contrato de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	RECALVI, S.L.	93,00
2	TALLERES FONTAN S.L.U.	86,40
3	ÓSCAR CASTRO GÓMEZ	74,50
4	RODI GALICIA SL	54,74

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, RECALVI, S.L. (B-36.628.931), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:47	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A946-CD2C3D-CBE8C6-48ULM4-NKVPBT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		